



**ANPA "Os Valados"**  
**C.E.I.P. Vilaverde – Mourente**  
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 PONTEVEDRA  
Tif: 690 731 207 (ANPA) - 886 15 90 34 (centro)  
Web: [www.anpavilaverde.org](http://www.anpavilaverde.org)  
Email: [anpaosvalados@gmail.com](mailto:anpaosvalados@gmail.com) (ANPA)  
[ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es](mailto:ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es) (centro)



Pontevedra 11 de maio de 2022

Sr/Sra. Director/a.:

O C.E.I.P. **Vilaverde-Mourente** pretende celebrar coa colaboración dos demais Colexios do Concello de Pontevedra, o **XXVI CROSS ESCOLAR**, o sábado **día 21 de maio de 2022, a partires das 10:30 da mañá**. Coma todos os anos celebrárase nos arredores do Colexio.

**Agradeceríamos a difusión desta información entre a vosa comunidade escolar.**

Haberá probas para os nenos e nenas de Educación Infantil (3,4 e 5 anos) e para as categorías 1º e 2º de primaria, 3º e 4º de primaria e 5º e 6º de primaria. Tamén haberá categoría de 1º e 2º da ESO (Nacidos no 2009 e 2008) e para os pais ou nais. A todos os nenos se lles entregará auga e un bocadillo, e un diploma acreditativo da súa participación.

Nesta edición colaboramos co **banco de alimentos** e a ANPA fará unha doazón económica segundo o número de participantes. **Ademais ese día haberá voluntarios do banco de alimentos e se fará unha recollida de alimentos non perecedoiros entre as familias participantes que o desexen.**

Os dorsais entréganse o mesmo día da competición. Para axilizar a confección dos dorsais e que estean listos o día da carreira, os métodos de inscrición son os seguintes:

- A través do formulario online dispoñible en <https://forms.gle/QF72L1L5dXexcF8E7>
- O día da carreira tamén poderanse apuntar no posto disposto ao efecto.
- Se o considerades, a través da voso centro, enchendo unha lista do alumnado que se apunte co seu nome, curso e categoría. **Un par de días antes da data sinalada**, precisamos que nos mandedes o listado. Podedes mandalo ao correo da ANPA [anpaosvalados@gmail.com](mailto:anpaosvalados@gmail.com) ou ó do centro [ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es](mailto:ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es) .

Os nenos deberán vir acompañados por persoal do colexio, responsables da ANPA ou ben individualmente cos seus pais.

**Pretendemos que máis que unha competición, sexa unha xornada festiva para os rapaces e rapazas, e fomentar as relacións entre os integrantes dos distintos centros do Concello de Pontevedra.**

Para aclarar calquera dúbida pódese chamar ó teléfono **690 731 207** (ANPA) ou **886 15 90 34** (centro).

O cross recorrerá as rúas adxacentes ao centro escolar: rúas Valdecorvos e Vilaverde. Os participantes de todas as categorías se concentrarán **no centro escolar á hora indicada na táboa de horarios**, e serán acompañados á zona de saída correspondente por persoal da organización.



**ANPA "Os Valados"**  
**C.E.I.P. Vilaverde – Mourente**  
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 PONTEVEDRA  
Tif: 690 731 207 (ANPA) - 886 15 90 34 (centro)  
Web: [www.anpavilaverde.org](http://www.anpavilaverde.org)  
Email: [anpaosvalados@gmail.com](mailto:anpaosvalados@gmail.com) (ANPA)  
[ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es](mailto:ceip.vilaverde.mourente@edu.xunta.es) (centro)



**Concello  
de Pontevedra**



Nas rúas polas que discorrerá a proba estará prohibido o estacionamento e estarán cortadas ao tráfico durante toda a duración da proba. Para as persoas que se acerquen con vehículo, recoméndase o estacionamento na Avenida de Lugo e na zona da urbanización de Valdecorvos, xa que o acceso ao centro estará pechado para vehículos dende antes do comezo das probas.

Contarase coa colaboración da policía local, protección civil e cruz vermella.

As distancias a percorrer, orde das carreiras e horarios aproximados serán os seguintes:

Categoría		Distancia	Hora saída proba	Hora límite concentración
<b>3º, 4º Primaria</b>	Masculino	500m	<b>11:00</b>	10:50
<b>3º, 4º Primaria</b>	Feminino	500m	<b>11:05</b>	10:50
<b>5º, 6º Primaria</b>	Masculino	700m	<b>11:10</b>	10:50
<b>5º, 6º Primaria</b>	Feminino	700m	<b>11:15</b>	10:50
<b>1º, 2º ESO</b>	Nacidos en 2009, 2008	700m	<b>11:20</b>	10:50
<b>1º, 2º Primaria</b>	Masculino	250m	<b>11:30</b>	11:20
<b>1º, 2º Primaria</b>	Feminino	250m	<b>11:35</b>	11:20
<b>Ed. Infantil 3 anos</b>	(4º ed. infantil)	150m	<b>11:50</b>	11:45
<b>Ed. Infantil 4 anos</b>	(5º ed. infantil)	150m	<b>12:00</b>	11:55
<b>Ed. Infantil 5 anos</b>	(6º ed. infantil)	150m	<b>12:10</b>	12:05
<b>Pais e avós</b>		250m	<b>12:20</b>	12:15
<b>Nais e avoas</b>		250m	<b>12:30</b>	12:25

Sen outro particular, esperando e agradecendo a participación do voso centro aproveitamos para transmitirvos un cordial saúdo.

A directiva da ANPA "Os Valados"  
Equipo directivo e profesorado do CEIP Vilaverde - Mourente